

Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa da subministración e actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto

As empresas que presentaron oferta en prazo e forma para esta contratación foron:

- Seidor S.A.

Unha vez realizada a apertura do sobre B o mércores 26 de febreiro de 2014, correspondente a esta contratación administrativa, da empresa Seidor, e analizada a documentación técnica do mesmo, esta cumpre con todos os requisitos esixidos no PPT.

A base decimosexta do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración das proposicións:

I. Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: ata 48 puntos:

– Valor técnico da oferta: Valorarase a calidade e as melloras técnicas da oferta, tales como a formación para o persoal do Parlamento de Galicia, posibilidade de uso das mesmas ferramentas ofimáticas no domicilio do persoal do Parlamento de Galicia.

A empresa **Seidor S.A.** oferta unha licenza a maiores de Microsoft SQL Server Enterprise por core, do número de licencias esixido no PPT, polo que obtén 24 puntos neste apartado.

Tamén oferta formación e o programa HUP (Home User Program), polo que neste apartado recibe 24 puntos.

En base a isto concédeselle á empresa **Seidor, S.A.** unha puntuación de **48 puntos**.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2014

Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información

Pedro Vila López

